



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE SETEMBRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/1749/2018.- MARIA VICTORIA BAR SEÑARIS.- Conceder licenza de obras para a instalación dun ascensor na edificación sita rúa Porta da Pena, 4.

LIC/653/2012.- INTASEM ASESORÍA, S. L.- Conceder licenza de obras para a construción dun edificio de oficinas na Travesía da Susana, 41.

PARCELACIONES/AGRUPACIONES/SEGREGACIONES

LIC/1004/2019.- MARIA JESÚS PÉREZ CRESPO.- Conceder a licenza de parcelamento dunha parcela sita no lugar de Silvouta.

1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza de obras para a instalación dun ascensor na edificación sita na rúa Porta da Pena, 4. LIC/1749/2018. Concédese a licenza.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza de obras para a construción dun edificio de oficinas na Travesía da Susana, 41. LIC/653/2012. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza de parcelamento dunha parcela sita no lugar de Silvouta. LIC/1004/2019. Concédese a licenza.

4.- Propostas da concelleira delegada de Parques e Xardíns relativas á concesión do uso das hortas municipais de Santa Marta-Conxo-Volta do Castro; Belvís de Arriba e Almaciga, Caramoniña e as Brañas de Sar. Apróbese a relación de persoas beneficiarias e as listas de agarda.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á aprobación da acta de prezos contraditorios das "Obras contempladas no proxecto de renovación de viais e beirarrúas na rúa Batalla de Clavijo e anexas. Fase I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020". Apróbese a acta.

6.- Proposta da alcaldía relativa á aceptación da subvención da Xunta de Galicia para a realización do obradoiro de emprego SANTIAGO SUSTENTABLE. Apróbese a aceptación dunha subvención de 180.021,28 euros para a realización do devandito obradoiro, para 16 alumnos/as traballadores/as, na especialidade de "Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web", destinado á análise, deseño e construción dun portal temático da sustentabilidade e participación cidadá.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade relativa á modificación do contrato formalizado coa empresa SCI para a incorporación ao mesmo das prestacións consistentes na colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores derivados das infraccións en materia de medio ambiente e servizos comunitarios do Concello de Santiago de Compostela. Apróbese a devandita modificación. O contrato, que conta cun gasto máximo aprobado para a anualidade 2019 de 676,566,66 euros, non sufrirá variación ningunha. O contratista retribuirase cunha porcentaxe do 26,80% do importe de todos os cobros realizados en período voluntario de pagamento, segundo o disposto no contrato formalizado.

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do contrato do "Servizo de comunicación e xestión de incidencias para o Concello de Santiago de Compostela".

Apróbase a prórroga do devandito servizo, asinado coa empresa Green Tal S.A. polo prazo de 2 anos, a contar dende o 1 de outubro de 2019. O gasto distribúese do seguinte xeito: 1.329,79 euros para a anualidade 2019, 5.319,16 euros para anualidade 2020 e 3.989,37 euros para anualidade 2021 (IVE incluído).

9.- Proposta da concellería delegada de Deportes relativa á adxudicación do contrato de prestación do servizo de dotación de infraestruturas, loxística, persoal e sinalética do evento denominado FESTA DO DEPORTE 2019. Adxudícase o devandito servizo á empresa Serviplustotal SL, por un importe de 36,275,80 euros (IVE incluído).

10.- Dar conta pola concellería de Deportes do desenvolvemento da FESTA DO DEPORTE, programada para os días 29 e 30 de setembro. Dáse conta.

URXENCIAS

1.- Proposta de aprobación do proxecto refundido de dúas pistas polideportivas multiúsos no lugar de Carregal e parque biosaudable no entorno da igrexa de Piñeiro (O Eixo). Apróbase o proxecto refundido básico e de execución. O orzamento de investimento é de 140.000 euros.

2.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local relativa á prórroga do contrato de Servizo de mantemento do sistema de climatización do centro de proceso de datos do Concello de Santiago de Compostela. Apróbase a prórroga do devandito contrato, asinado coa empresa Vertiv Spain, S.A (antes Emerson Network Power, S.A), polo prazo de dous anos, a contar a partir do 21 de setembro de 2021. O gasto divídese do seguinte xeito: 1.808,28 euros para a anualidade 2019, 6.509,80 euros para a anualidade 2020 e 4.701,52 euros para a anualidade 2021.

3.- Proposta da Alcaldía sobre o nomeamento de director/a da Área de Réxime Interior do Concello de Santiago de Compostela. Apróbase o nomeamento de Juan Carlos Porrúa Pardal como director da devandita Área.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á concesión de subvencións a festas patronais do Concello de Santiago de Compostela. Apróbase a concesión de 22 axudas.